

Adaptación: **XOSÉ BALLESTEROS**

Ilustracións: **JOÃO CAETANO**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "O traxe novo do rei"
Demademora. ISBN 978-84-8464-024-0
- Castelán: "El traje nuevo del rey"
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-063-9
- Euskera: "Erregearen traje berria"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-065-3
- Portugués: "O fato novo do rei"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-01-9
- Italiano: "Il vestito nuovo del re"
Libri per sognare. ISBN 978-88-95933-19-1

Prezo: 13 €



O TRAXE NOVO DO REI

Hai moitos anos vivía un rei que pasaba o tempo a estrear traxes e vestidos, e gastaba a fortuna do país comprando as teas máis custosas. O rei desentendiase das cousas do goberno e non facía outra cousa que pasear en carroza polo parque, ir ao teatro, pasar revista á tropa... Sempre para presumir de novos traxes!

KALANDRAKA presenta esta adaptación do conto clásico de Hans Christian Andersen, do que destacan as súas ilustracións, a base de collage e incrustacións de material textil. A proposta estética ofrece unha segunda lectura do texto que xoga co real e o marabillioso, deixando lugar para a sorpresa, a fascinación, a extrañeza, e sempre buscando manter activo o lector.

João Caetano manexa varias simboloxías e dálle ao humor un papel de grande importancia: faille chiscadelas ao lector e ironiza sutilmente, construindo metáforas visuais nun segundo plano, como o maniquí que se mofa do rei ou a coroa do monarca.

As imaxes deste álbum foron seleccionadas para participar nunha exposición internacional organizada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich e o Museo da Ilustración de Libros de Troisdorf (Alemaña) para conmemorar o 200 aniversario do nacemento de Andersen.

XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)

Escritor, editor e especialista en literatura infantil. Imparte obradoiros de escrita creativa para docentes, escolares e afeccionados á literatura. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego" (Premio García Barros de Novela 1993. Ed. Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No eido da literatura infantil e xuvenil publicou a

serie "Os Gordibolas" (Ed. Xerais, 1996) e adaptou varios contos tradicionais, como "O coelliño branco", "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frautista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA. Tamén é autor da obra "Imaxina animais".

JOAO CAETANO (Mozambique, 1962)

Licenciado en Pintura na Escola Superior de Belas Artes de Porto (Portugal). Ilustrou máis de 20 libros infanto-xuvenil para diversas editoriais. Obtivo, entre outros galardóns, un primeiro premio e dúas mencións especiais do Premio Nacional de Ilustración de Portugal e unha mención especial no concurso Scarpetta d'oro, en Italia no ano 2000.



- **Temática:** a inocencia da infancia, a falsedade, a tiranía
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
- **Aspectos destacables:** clásico de Andersen, ilustracións de técnica mixta con texturas e relevos; seleccionado para unha exposición internacional con motivo do 200 aniversario do nacemento do autor